


Uso de archivos SVG na cortadora láser

Cando traballemos con arquivos SVG, que conteñan liñas de diferentes cores podemos elixir que facer con cada unha delas: grabalas ou cortalas (con diferentes características para cada liña de cor)



Supoñamos que estamos a traballar con esta imaxe, que xa subimos desde un arquivo SVG. Como se pode ver ten liñas de cor negro e de diferentes tonos de vermello.

Cada unha das cores da imaxe será identificada como diferente pola cortadora, para poder decidir que facer con cada unha dela cando premamos en “láser”. Neste caso identificou 7 cores (1 liña negra + 6 de diferentes vermellos)




Unha vez premamos en “láser” e sigamos os pasos correspondentes, nun dos pasos, poderemos ir “**arrastrando**” arriba ou abaixo, as cores detectadas para decidir que facer con elas.

Por defecto tódalas cores aparecen asignadas a grabado



Podemos arrastrar cada unha das cores cara arriba para OMITIR (é dicir non facer nada con esa cor/cores)



Para indicadr que queremos CORTAR unha liña de cor, arrastramos cara abaixo, á zona correspondente para crear tantas “versións de corte” como se queira.



Podes arrastar máis dunha cor tanto en grabado, como en omitir ou en cada unha das opcións de corte que teñas creado.